

PLAN DIGITAL

IES Armando Cotarelo Valledor

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- Nome do centro: IES Armando Cotarelo Valledor
- Dirección: Rúa Armando Cotarelo Valledor, 4-6, Sobradelo. 36611 Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).
- Correo electrónico: ies.cotarelo.vilagarcia@edu.xunta.gal
- Páxina web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescotarelovilagarcia/>
- Teléfonos: 986512311 - 681302392 - 603601606

Total alumnado e grupos

| | Alumnos/as | Grupos |
|---|------------|-----------|
| ESO 1º | 54 | 3 |
| ESO 2º | 66 | 3 |
| ESO 3º | 38 | 2 |
| ESO 3º - PMAR | 7 | 1 |
| ESO 4º | 48 | 2 |
| TOTAL ESO | 213 | 11 |
| BACH 1º CC | 29 | 1 |
| BACH 1º HH/CCSS | 29 | 1 |
| BACH 2º CC | 27 | 1 |
| BACH 2º HH/CCSS | 21 | 1 |
| TOTAL BACHARELATO | 106 | 4 |
| FP Básica | 50 | 4 |
| CF GM | 152 | 6 |
| CF GS | 209 | 8 |
| Formación en Centros de Trabajo (*) | 24 | - |
| TOTAL FP | 435 | 18 |
| Educación Básica Inicial | 4 | 1 |
| ESA | 55 | 3 |
| BACH 1º – Adultos | 24 | 1 |
| BACH 2º – Adultos | 42 | 1 |
| Xestión administrativa - modular | 14 | 1 |
| Administración de sistemas informáticos en rede - modular | 13 | 1 |
| Márketing e publicidade - distancia | 68 | 1 |
| TOTAL ADULTOS | 220 | 9 |
| TOTAL XERAL | 974 | 42 |

Ensinanzas impartidas

- 1) Educación Secundaria Obrigatoria (1º, 2º, 3º e 4º).
- 2) Bacharelato (1º e 2º das modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades).
- 3) Formación Profesional Básica (Servizos comerciais e Informática e comunicacións).
- 4) Ciclos Formativos de grao medio (Actividades comerciais, Xestión administrativa e Sistemas microinformáticos e redes).

- 5) Ciclos Formativos de grao superior (Comercio internacional, Xestión de vendas e espazos comerciais, Administración e finanzas e Administración de sistemas informáticos en rede).
- 6) Educación Básica Inicial.
- 7) Educación Secundaria para Adultos.
- 8) Bacharelato de Adultos (1º e 2º das modalidades de Ciencias e Ciencias Sociais e Humanidades).
- 9) Ciclos Formativos Modulares e a Distancia (Xestión Administrativa, Administración de Sistemas Informáticos en rede e Márketing e publicidade).
- 10) ARCO (dirixido ao alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou en risco de exclusión social escolarizados en 1º e 2º da ESO e 1º FPB).
- 11) Aula MENTOR (educación permanente a distancia).

No próximo curso 2023-2024 extínguense os ciclos da familia de comercio por traslado a outro centro e incorpóranse a este centro novas liñas da ESO, Bacharelato e novos ciclos da familia de Informática.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O IES Armando Cotarelo Valledor comeza a funcionar no curso 1992/93, como desdobre do Instituto de F.P. Fermín Bouza Brey do que se traslada a rama administrativa-comercial e a de secretariado para este novo centro. Introdúcese tamén o 3º curso da ESO e dous grupos de 2º de BUP que non tiñan cabida nos outros centros de E.M. da Vila. O 3º curso da ESO da paso ao 4º curso e posteriormente aos bacharelatos de Ciencias da Natureza e da Saúde e de Humanidades e Ciencias Sociais, así como aos Ciclos Formativos da Formación Profesional.

A matrícula na actualidade achégase aos 1000 alumnos e alumnas. Neste momento, no Instituto Armando Cotarelo Valledor acóllese alumnado procedente dunha ampla zona xeográfica, pois é o único centro da comarca que ofrece os ciclos formativos de: Administración de sistemas informáticos en rede, Sistemas microinformáticos e redes, Comercio internacional, Xestión de vendas e espazos comerciais, a formación profesional básica nas especialidades de Servizos comerciais e Informática e comunicacións, oferta modular para adultos nos ciclos de Administración de sistemas informáticos en rede e Xestión Administrativa, ademais das ensinanzas presenciais de Secundaria e Bacharelato de adultos.

O alumnado da ESO procede dos colexios adscritos de Rubiáns e de Vilaxoán, aínda que tamén se acollen estudantes doutros centros da zona.

O Centro atópase situado na parroquia de Sobradelo, na periferia da vila de Vilagarcía, a 2 km. do centro urbano, nunha zona limítrofe entre Sobradelo e Vilaxoán.

As principais actividades económicas do entorno son:

- Pesca e marisqueo.
- Agricultura.
- Hostalaría.
- Conserva (actualmente en decadencia).
- Acuicultura (parques flotantes de mexillón e ostra, cetarias e depuradoras).
- Comercio, actividades industriais e outras.

No presente curso o centro estivo desenvolvendo os seguintes proxectos:

- Proxectos Erasmus:
 - GO GREEN. KA2 PARA 4º ESO. Participantes: Bélxica, Suecia, Portugal, Spain. Topic: conseguir a sostibilidade dos centros educativos participantes e fomentar o consumo responsable, a economía circular e a promoción de fontes de enerxía renovables.
 - KA1 para Educación Secundaria Adultos (pendente de aprobación en xuño 2022). Dixitalización e inclusión do alumnado especialmente vulnerable na ESA.
 - KA 2 para 3º e 4º da ESO (para presentar o próximo curso). Inclusión a partir dos movementos migratorios.
- Outros programas:
 - Clube de lectura e Plan Lector.
 - Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP).
 - 3 Contratos-Programa Innova (CP-INNOVA): sostibilidade, hábitos saudables, consumo responsable.
 - FP Innova. Solicitado pero non concedido. Presentaremos outra proposta para o próximo curso.
 - Viveiro de empresa e aula de emprendemento concedida para o próximo curso.
 - Aula mentor.

O Plan Dixital do centro que se presenta neste documento terá unha relación directa nas competencias dixitais do profesorado e do alumnado e tamén terá unha relación indirecta ou transversal nos proxectos que se realizarán no próximo curso e seguintes xa que a tecnoloxía está presente en maior ou menor medida en todos eles.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
 - <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899#a111bis>
 - <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899#a121>
 - <https://boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2006-7899#a132>
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022

“Os centros docentes elaborarán no curso 2021/22 o seu plan dixital de acordo coas instrucións que se diten.”

- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022
 - http://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/04.-resolucion_plan_dixital_def_asinada_mmr_0.pdf

Tal como indica a normativa, para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios, obxectivos e referentes que se indican a continuación:

Principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de información e comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Obxectivos:

- a) Facilitar a integración e o desenvolvemento das tecnoloxías dixitais nos procesos formativos e optimice a xestión dos recursos humanos e materiais do centro.

- b) Promover o uso das ferramentas de avaliación e diagnose dos centros educativos respecto á competencia dixital.
- c) Mellorar a competencia dixital dos membros da comunidade educativa . Para transformar os centros en organizacións educativas dixitalmente competentes nos procesos de ensino-aprendizaxe, de xestión e de relación.
- d) Definir o equipo responsable de dinamización do Plan Dixital e a súas funcións.

Referentes:

- a) A transformación dixital dos centros educativos atenderá ás tres dimensións establecidas polo Marco Europeo de Organizacións Dixitalmente Competentes (DigCompOrg): pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.
- b) O marco europeo propón unha análise do centro baseado en sete elementos: Infraestrutura, Liderado e Gobernanza, Ensino e Aprendizaxe, Desenvolvemento Profesional, Avaliación, Contidos e Currículo, así como Redes de Apoio e Colaboración. Cada centro poderá engadir outros elementos adecuados ás súas características específicas.

1.4. Proceso de elaboración

Para elaborar o Plan Dixital do centro creouse un grupo de traballo formado por cinco membros do equipo docente, dos cales un dos membros ten a función de coordinador. Este coordinador mantén unha comunicación estreita co equipo de mentores, os cales proporcionan a documentación e os modelos a encher, establecen un calendario de traballo, orientan, forman e axudan a levar a cabo tódalas fases da elaboración do plan dixital que son as seguintes:

1. Enquisa SELFIE (*Self-reflection on Effective Learning by Fostering the use of Innovative Educational technologies*): recollida de datos sobre a visión que ten o profesorado, a dirección e o alumnado sobre o uso da tecnoloxía no centro, mediante unha enquisa anónima. Para realizar esta enquisa fíxose a configuración na páxina web destinada a tal fin poñendo os datos do centro (niveis educativos, número de alumnado e número de profesorado). Déronse de alta as preguntas proporcionadas pola Xunta. Para a realización da enquisa por parte da comunidade educativa decidiuse habilitar na aula virtual un espazo para cada grupo cos enlaces de acceso á enquisa e Dirección comunicoulle a todo o profesorado a necesidade de realizala. Facemos especial mención aos titores dos niveis de ESO e Bacharelato que tiveron que coordinar o acceso a aulas de informática para que o alumnado a puidera realizar.
2. Test CDD (Competencia Dixital Docente): recollida de datos sobre as competencias só do profesorado mediante outra enquisa anónima.
3. Análise DAFO (Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades): análise dos datos recollidos nas enquisas SELFIE e CDD para facer un cadro DAFO.
4. Obxectivos do Plan de Acción do Plan Dixital: determinar un conxunto de obxectivos de mellora nas áreas do ámbito do plan dixital e unhas accións que permitirán alcanzalos.

5. Plan Dixital: elaboración do presente documento.

O equipo de traballo do plan dixital desenvolveu as súas actividades mediante reunións presenciais e reunións telemáticas, durante as cales se foron realizando as distintas fases e realizando as correspondentes entregas na páxina web creada para tal fin.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Distribución dos espazos do centro:

- 20 aulas para 35 alumnos e alumnas.
- 9 aulas para 15 alumnos e alumnas.
- 6 aulas de Informática con 22 ordenadores, e medios informáticos periféricos.
- 10 aulas de informática con 30 ordenadores e medios informáticos periféricos.
- 1 aula de música.
- Taller de Tecnoloxía da E.S.O.
- Taller de Informática.
- Taller de Plástica.
- Laboratorio de Ciencias.
- Laboratorio de Física.
- Laboratorio de Química.
- Ximnasio, con vestiarios masculinos e femininos.
- Salón de actos, con capacidade para 120 persoas e con equipamento audiovisual.
- Sala de visitas para as titorías.
- Salas para os departamentos cun posto de traballo como mínimo e impresora.
- Biblioteca, con 6 ordenadores.
- Sala de profesores e profesoras con 6 postos de traballo.
- Secretaría, con equipamento informático.
- Despachos de Dirección, Vicedirección, Xefatura de Estudos e Secretaría.
- Conserxería, con fotocopiadora e multicopista.
- Cafetería.

Conectividad:

- Conexión a Internet: 500Mbps simétricos (fibra óptica).
- Intranet
 - Rede ethernet 1 Gigabit e 100 Megabit.
 - Máis do 90% da rede cableada do centro foi instalada polo propio centro e o mantemento da mesma tamén a realiza o centro.
 - Existen problemas de integración coa parte mantida pola Xunta.
- Wifi do centro: obsoleta e defectuosa.
 - Rede wifi Siega (2005) 802.11g que da cobertura ó edificio orixinal (hoxe en día o centro foi ampliado cun edificio novo).
 - Rede wifi edu.xunta.es dos AP Abalar que dan cobertura cerca das 4 aulas Abalar e interfieren coa rede wifi Siega.
 - 2 redes wifi auxiliares para dar cobertura ás necesidades da aula de tecnoloxía e na aula PT porque as outras redes funcionan mal. Puntos de acceso mantido polo centro.

Equipamento informático:

- Servidores propios para a xestión da actividade docente do centro (servidor de ficheiros, Active Directory, Proxy, Backups, DNS, DHCP, WDS, máquinas virtuais, etc.).
 - HP Proliant DL180 G6 (2xIntel Xeon CPU X5670 e 48GB RAM).
 - DELL C6100 (2xIntel Xeon 4 cores e 48GBBytes RAM).
 - Servidor adicado OVH (Quad core 64GBBytes de RAM) para actividades do alumnado.
- Distribución do equipamento:
 - Tódalas aulas onde se imparten clases teñen equipo para o profesor e un proxector ou pizarra dixital.
 - Aulas con só equipo para o profesor e proxector ou pizarra dixital: 22 (ESO, Bacharelato, Plástica, Laboratorio de química, laboratorio de ciencias).
 - Aulas con equipo para o profesor e para o alumnado con proxector: 22 (ciclos, tecnoloxía, ximnasio).
 - Sala de usos múltiples: equipo e proxector, equipo audiovisual.
 - Aula de tecnoloxía, equipo para o profesor e só con 7 portátiles para uns 25 alumnos.
 - Taller de informática. Equipamento propio do centro e doado polo concello de Vilagarcía de Arousa.
- Cada departamento conta cun posto de traballo como mínimo e impresora.
- A sala de profesores conta con 6 postos de traballo.
- Biblioteca: 2 equipos para o profesorado (xestión da biblioteca) e 6 equipos para o alumnado.

Na seguinte táboa vemos un resumo do inventario de ordenadores do centro agrupados por marca, modelo e CPU. Están ordeados de maior a menor antigüidade e na última columna indícase a porcentaxe de existencias de cada tipo con respecto ó total.

| Marca | Modelo | CPU | Cantidad | Ano | Idade | % do total |
|---------------------|------------------------------|---|----------|------|-------|------------|
| IBM | R51 | | 1 | 2004 | 18 | 0,16% |
| Dell | 745 small | Intel(R) Core(TM)2 CPU 6600 @ 2.40GHz [2 core(s) x86_64] | 1 | 2006 | 16 | 0,16% |
| Dell | Optiplex 745 | Intel(R) Core(TM)2 CPU 6300 @ 1.86GHz [2 core(s) x64] | 5 | 2006 | 16 | 0,82% |
| DELL | PP04X | | 1 | 2006 | 16 | 0,16% |
| Dell Computer Corp. | Latitude D820 | | 2 | 2006 | 16 | 0,33% |
| Compaq | 6910P | | 4 | 2007 | 15 | 0,65% |
| DELL | OPTIPLEX 755 | Intel Core2 Duo | 1 | 2008 | 14 | 0,16% |
| DELL | Optiplex 960 | Intel(R) Core(TM)2 Duo CPU E8400 @ 3.00GHz [2 core(s) x86_64] | 12 | 2008 | 14 | 1,96% |
| Dell | Optiplex 740 | | 3 | 2008 | 14 | 0,49% |
| HP Compaq | 8000 Elite USDT Bussiness PC | | 10 | 2008 | 14 | 1,63% |
| Acer | Aspire X3950 | Intel(R) Core(TM) i3 CPU 540 @ 3.07GHz [2 core(s) x86_64] | 17 | 2010 | 12 | 2,78% |
| Hewlett Packard | Pro 3130MT | | 2 | 2010 | 12 | 0,33% |
| Lenovo | ThinkCentre A70 | Pentium(R) Dual-Core CPU E5700 @ 3.00GHz [2 core(s) x86_64] | 52 | 2010 | 12 | 8,50% |
| HP | ProBook 6550b | | 2 | 2010 | 12 | 0,33% |
| HP | 8200 Elite SFF | | 23 | 2011 | 11 | 3,76% |
| HP | 8200 Elite Ultrastim | | 29 | 2011 | 11 | 4,74% |
| ACER | Aspire 5749 | | 1 | 2011 | 11 | 0,16% |
| DELL | Latitude E6420 | Intel(R) Core(TM) i5-2520M CPU @ 2,50GHz | 1 | 2011 | 11 | 0,16% |
| Lenovo | L420 | | 7 | 2011 | 11 | 1,14% |
| Dell | OptiFlex3010 | Intel(R) Pentium(R) CPU G645 @ 2.90GHz [2 core(s) x86_64] | 10 | 2012 | 10 | 1,63% |
| HP Compaq | Pro 6300 SFF | Intel(R) Core(TM) i5-3570 CPU @ 3.40GHz [4 core(s) x86_64] | 9 | 2012 | 10 | 1,47% |
| HP | 8300 Elite SFF | Intel(R) Core(TM) i5-3470S CPU @ 2.90GHz [4 core(s) x86_64] | 2 | 2012 | 10 | 0,33% |
| HP | 8300 Elite UltraSlim | | 43 | 2012 | 10 | 7,03% |
| Dell Computer Corp. | Latitude E5530 | | 1 | 2012 | 10 | 0,16% |

| | | | | | | |
|-----------------|----------------------|--|------------|------|--------------|----------------|
| Hewlett Packard | ProBook 6470b | | 1 | 2012 | 10 | 0,16% |
| Primux | Tech | | 21 | 2012 | 10 | 3,43% |
| CoolBox | Clónico | Intel(R) Pentium(R) CPU G2030 @ 3.00GHz [2 core(s) x86_64] | 2 | 2013 | 9 | 0,33% |
| Fujitsu | Esprimo P400 | | 23 | 2013 | 9 | 3,76% |
| HP | ProDesk 600 G1 SFF | Intel(R) Core(TM) i7-4770 CPU @ 3.40GHz [4 core(s) x86_64] | 34 | 2013 | 9 | 5,56% |
| Lenovo | ThinkCentre E73 | Intel(R) Core(TM) i3-4130 CPU @ 3.40GHz [2 core(s) x86_64] | 10 | 2013 | 9 | 1,63% |
| Lenovo | ThinkCentre Edge 72 | | 36 | 2013 | 9 | 5,88% |
| Lenovo | ThinkPad L540 | | 7 | 2013 | 9 | 1,14% |
| HP | EliteDesk 800 G1 SFF | Intel(R) Core(TM) i5-4590 CPU @ 3.30GHz [4 core(s) x86_64] | 58 | 2014 | 8 | 9,48% |
| HP | Prodesk 600 G1 TWR | Intel(R) Core(TM) i5-4590 CPU @ 3.30GHz [4 core(s) x86_64] | 38 | 2014 | 8 | 6,21% |
| HP | Prodesk 600 G2 MT | Intel(R) Core(TM) i5-6600 CPU @ 3.30GHz [4 core(s) x86_64] | 143 | 2015 | 7 | 23,37% |
| Total | | | 612 | | 11,51 | 100,00% |

Dos aproximadamente 600 ordenadores do centro (co seu correspondente monitor) máis do 35% ten 7 anos de antigüidade ou máis. O resto entre 10 e 20 anos.

A maioría dos equipos máis “modernos” foron adquiridos con fondos propios do centro en provedores de segunda man. A xestión das incidencias diarias do centro é realizada polo profesorado do departamento de informática, desde cambiar un periférico ata o mantemento completo do equipo informático, así como tamén o mantemento dos servizos, a infraestrutura da rede interna e a resolución de dúbidas, o cal é inasumible co número de horas dispoñibles e pode levar á contratación dunha empresa externa se non se dispón da redución horaria precisa, que provocará un aumento dos tempos de resposta, a merma dos servizos dixitais do centro e polo tanto da súa aplicación na docencia.

As aulas de ESO e Bacharelato dispoñen só dun ordenador para o profesor que para moitas tarefas é moi lento ou obsoleto. Nos últimos anos, con fondos propios do centro, estase realizando unha actualización de compoñentes para estender a vida útil dos equipos e mellorando a súa capacidade por medio do cambio de disco duro a un dispositivo SSD (máis rápido) e ampliando a memoria RAM.

Os equipos informáticos Abalar (ordenadores e servidor) non se usan porque son moi lentos e obsoletos.

O centro conta con outros servizos:

- Aplicación web de inventario: creada e xestionado polo centro.
- Aplicación web de xestión de incidencias “OsTicket” mantida polo centro.
- Cursos de especialización OpenWebinars para alumnos de 2º curso nos ciclos de formación profesional.
- Microsoft Imagine Academy.
- Office 365.
- Google Workspace for Education (antes Gsuite).
- Monitorización de equipos (Veyon).
- Aula Virtual (Moodle).
- Páxina web do centro (Webs Dinámicas).
- Aplicación web para a xestión da Intranet (xestión de claves de usuario, control de aulas, partes de convivencia, mensaxería interna, etc.).

O centro dispón de documentación e manuais para o profesorado e o alumnado entre os que podemos destacar:

- Catálogo de servizos en Internet do IES Cotarelo (para profesorado).
- Manual de servizos de impresión do centro.
- Información sobre tratamento de datos persoais dos profesores no IES Armando Cotarelo Valledor.
- Manual de boas prácticas para usuarios informáticos.
- Manual da xestión de incidencias.
- Manual de uso da Intranet.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Para realizar a análise DAFO empregáronse varias fontes de datos: a enquisa SELFIE, o test CDD a experiencia docente e de dirección do centro do grupo de traballo.

ENQUISA SELFIE

A continuación amósase a porcentaxe de participación na enquisa SELFIE de cada nivel educativo do centro:

- ESO

 **Membros do equipo directivo**

 **Profesores/as**

 **Alumnos/as**

SELFIE 2021-2022, session 1

3 dec. 2021 - 17 dec. 2021



- Bacharelato

Membros do equipo directivo

Profesores/as

Alumnos/as

SELFIE 2021-2022, session 1

3 dec. 2021 - 17 dec. 2021



- FP

Membros do equipo directivo

Profesores/as

Alumnos/as

SELFIE 2021-2022, session 1

3 dec. 2021 - 17 dec. 2021



Na seguinte táboa amósanse as puntuacións da enquisa SELFIE por cada área de mellora, divididas por grupos da comunidade educativa e por niveis educativos. A puntuación mínima é 0 e a máxima 5. Para mellorar a visualización destes datos estableceuse unha escala de cores.

| Áreas | Grupos | Ensinanzas | | | |
|---|----------------|------------|-------------|-----|----------|
| | | ESO | Bacharelato | FP | Promedio |
| A -Liderado | Equipo Direct. | 3,0 | 3,7 | 2,8 | 3,2 |
| | Profesorado | 3,5 | 3,5 | 3,3 | 3,4 |
| | Alumnado | - | - | - | - |
| B- Colaboración e redes | Equipo Direct. | 3,2 | 3,0 | 3,3 | 3,2 |
| | Profesorado | 3,1 | 2,9 | 3,0 | 3,0 |
| | Alumnado | 3,3 | 2,7 | 2,7 | 2,9 |
| C- Infraestruturas e Equipos | Equipo Direct. | 4,2 | 4,4 | 4,1 | 4,2 |
| | Profesorado | 3,9 | 3,9 | 3,8 | 3,9 |
| | Alumnado | 3,6 | 3,7 | 3,4 | 3,6 |
| D- Desenvolvemento profesional continuo | Equipo Direct. | 4,2 | 4,5 | 4,3 | 4,3 |
| | Profesorado | 3,4 | 3,2 | 3,5 | 3,4 |
| | Alumnado | - | - | - | - |
| E- Pedagogía: Apoio e Recursos | Equipo Direct. | 3,7 | 3,4 | 3,6 | 3,6 |
| | Profesorado | 4,0 | 3,5 | 4,4 | 4,0 |
| | Alumnado | 3,8 | 3,8 | 3,8 | 3,8 |
| F- Pedagogía: Implementación na aula | Equipo Direct. | 2,9 | 3,0 | 2,6 | 2,8 |
| | Profesorado | 3,2 | 3,1 | 3,8 | 3,4 |
| | Alumnado | 3,1 | 3,2 | 3,1 | 3,1 |
| G- Prácticas de avaliación | Equipo Direct. | 2,7 | 3,0 | 2,8 | 2,8 |
| | Profesorado | 3,0 | 2,6 | 3,8 | 3,1 |
| | Alumnado | 2,9 | 2,7 | 2,9 | 2,8 |
| H- Competencias dixitais do alumnado | Equipo Direct. | 2,1 | 2,3 | 2,4 | 2,3 |
| | Profesorado | 3,4 | 3,2 | 3,4 | 3,3 |
| | Alumnado | 3,4 | 3,3 | 3,3 | 3,3 |

TEST CDD

A outra das fontes de datos que se empregou para realizar o Plan Dixital foi o test de competencias dixitais docentes que realizou o profesorado de forma voluntaria e anónima.

A continuación vemos algunhas das conclusións obtidas no test:

Participación segundo perfil do profesorado

| | N.º profesorado que participa | N.º profesorado total | % participación |
|-------------|-------------------------------|-----------------------|-----------------|
| DEFINITIVO | 34 | 63 | 54% |
| PROVISIONAL | 9 | 17 | 52,9% |
| INTERINO | 0 | 1 | 0% |
| SUBSTITUTO | 4 | 7 | 57,1% |
| DESPRAZADO | 4 | 9 | 44,4% |

Puntuación e nivel de competencia do centro

| Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| 79,6 | Integrador/a (B1) | 76,4 | Integrador/a (B1) |

Puntuación e nivel de competencia por etapas

| | Puntuación media do test (sobre 192) | Nivel de competencia | Puntuación media do test en Galicia (sobre 192) | Nivel de competencia en Galicia |
|------------|--------------------------------------|----------------------|---|---------------------------------|
| ESO | 73,9 | Integrador/a (B1) | 79,2 | Integrador/a (B1) |
| BACH | 65,3 | Integrador/a (B1) | 77,9 | Integrador/a (B1) |
| F.P | 90,2 | Integrador/a (B1) | 80,3 | Integrador/a (B1) |
| ESO Adult. | 87 | Integrador/a (B1) | 75,9 | Integrador/a (B1) |

Distribución do profesorado por niveis

| | Total profesorado no nivel de competencia | % de profesorado participante neste nivel |
|-------------------|---|---|
| Principiante (A1) | 3 | 5,9% |
| Explorador/a (A2) | 16 | 31,4% |
| Integrador/a (B1) | 17 | 33,3% |
| Experto/a (B2) | 10 | 19,6% |
| Líder (C1) | 4 | 7,8% |
| Pioneiro/a (C2) | 1 | 2% |
| TOTAL | 51 | 100,00% |

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, o test CDD e outras fontes, o grupo de traballo realizou unha análise DAFO dos datos, que permitiu mellorar o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilitar a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver. O DAFO divídese en aspectos internos (Fortalezas e Debilidades) e aspectos externos (Oportunidades e Ameazas).

ASPECTOS INTERNOS

| FORTALEZAS | DEBILIDADES |
|--|---|
| Apoio da dirección no desenvolvemento profesional continuo a tódolos niveis. | Baixo uso do caderno dixital. |
| Alto uso das redes e Internet por parte de todos. | Competencias dixitais insuficientes (profesorado e sobre todo alumnado). |
| Emprego de moitos recursos educativos na rede. | Acceso limitado do alumnado a dispositivos dixitais para o aprendizaxe. |
| Alta disposición do profesorado en recibir formación. | Uso das funcionalidades básicas da Aula Virtual Moodle. |
| | Insuficiente uso das tecnoloxías dixitais para proporcionarlle retroalimentación ao alumnado, facilitando a planificación de accións posteriores. |
| | Insuficientes proxectos interdisciplinares. |
| | Rede wifi do centro non funciona. |

ASPECTOS EXTERNOS

| OPORTUNIDADES | AMEAZAS |
|---|--|
| Gran cantidade de recursos educativos en liña. | Equipamento informático obsoleto ou envellecido. |
| Aumento do uso das redes e da Aula Virtual motivado pola pandemia. | Profesorado sen tempo para crear material de aprendizaxe. |
| Centro sen ANPA. | Asistencia técnica insuficiente. |
| Promoción do uso de software libre e as súas vantaxes no ámbito educativo. | Insuficiente coñecemento da lei de protección de datos e aplicación nos medios dixitais. |
| Axustar as modalidades de formación organizadas pola administración ás necesidades formativas en competencias dixitais. | |
| Colaboración con entidades da contorna (empresas, concello, asociacións). | |

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO do centro, e tendo en conta os recursos humanos e materiais actuais do centro, determináronse uns obxectivos específicos, alcanzables e relevantes que consideramos axeitados para realizar este vindeiro curso.

| Obxectivos | Áreas de mellora |
|--|--|
| 1 Estender o uso das ferramentas dixitais como forma de comunicación alumnado/profesorado en secundaria por medio do uso dun caderno do profesor dixital | <ul style="list-style-type: none"> Liderado Desenvolvemento profesional continuo Pedagogía: apoios e recursos |
| 2 Recuperar equipos informáticos e implementar un sistema de préstamos para que o alumno que o precise poida realizar tarefas en rede | <ul style="list-style-type: none"> Colaboración e redes |
| 3 Incrementar o manexo da aula virtual por parte do profesorado na aula | <ul style="list-style-type: none"> Desenvolvemento profesional continuo |

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Dada a situación de partida e a nova realidade do centro co aumento do alumnado de ESO e a nova materia de Tecnoloxía e Dixitalización de carácter obrigatorio en 1º e 2º da ESO compre:

- Dispor da mesma aula de informática para as materias de TIC. En varios cursos académicos tivemos que dar clase en dúas aulas de informática diferentes.
- Dispor dunha aula de informática de forma continuada no tempo, polo menos nalgún trimestre. Agora mesmo dispoñemos dunha hora semanal (das tres horas) nas materias de Tecnoloxía. A nivel de programación, isto moitas veces provoca que temos que estar impartindo dous ou tres temas ao mesmo tempo. Provoca que non haxa continuidade na adquisición de destrezas no uso do ordenador.
- Aula de informática de ESO/Bach con 30 equipos como mínimo (unha aula non chega para o alumnado do centro).
- A necesidade de renovación dos equipos de Tecnoloxía. Habería que ampliar o número de tomas de corrente para poder empregar alomenos 12 portátiles ao mesmo tempo. Agora mesmo contamos con 4 tomas de corrente nas mesas de traballo.
- Os rapaces da ESO non contan con PC no seu fogar. A maioría traballa con smartphones e tablets. As materias da ESO relacionadas coa informática están orientadas cara o uso de PC. Iso provoca que haxa unha falta de coordinación entre o que se ensina na aula e o que teñen que facer na

casa (falta de software, emprego de diferentes plataformas,...) O ideal sería que o alumnado contase con equipos informáticos co mesmo contorno que o centro.

- A plataforma de Moodle ten unha interfaz que engancha pouco os rapaces en comparación con outras plataformas de aula virtual. Na nosa experiencia Moodle supón un impedimento no proceso de ensino aprendizaxe da propia materia porque a curva de aprendizaxe de Moodle é moi alta.

Outras necesidades que ten o centro e que afectan en maior ou menor medida a tódolos niveis educativos son:

- Ampliar equipos das aulas de informática (16 RAM mínimo, almacenamento de 1TB SSD ou SSD+HDD).
- Renovación dos equipos informáticos con máis de 5 anos de antigüidade. Agora mesmo contamos con equipamento moi antigo.
- Renovación de impresoras.
- Instalar rede WIFI que funcione. Hai certas áreas do centro sen cobertura.
- Cableado da rede deficiente.
- Saneamento e mellora do armario de conexións da Xunta.
- Conexión a Internet moi lento. O tráfico internacional vai tan lento que é imposible realizar algunhas das actividades dos ciclos de informática. A Xunta corta o acceso a algúns servizos polas mañás, como todas as descargas de Microsoft, e resulta imposible realizar algunhas actividades dos ciclos de informática.
- A UAC tarda moito en atender algunhas incidencias (nalgúns casos meses).
- Contornos de probas con hardware especializado para actividades co alumnado (redes SAN).

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

| “Área/s de mellora”: Liderado, desenvolvemento profesional continuo e pedagogía: apoios e recursos | | | | | | |
|--|--|-------------------|---|-----------------------|-------------|--|
| 1. OBXECTIVO: | Estender o uso das ferramentas dixitais como forma de comunicación alumnado/profesorado en secundaria por medio do uso dun caderno do profesor dixital | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Porcentaxe de profesorado de Secundaria que emprega o caderno dixital | | | | | |
| Valor de partida | 5% do profesorado de Secundaria que emprega o caderno dixital | | | | | |
| Valor previsto e data | 50% do profesorado de Secundaria que emprega o caderno dixital | | | Xuño 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| A01.1: Buscar e escoller a aplicación para xestionar o caderno dixital | Coordinador PFPP | Novembro 2022 | <ul style="list-style-type: none"> - Aplicacións, utilidades e ferramentas dispoñibles. - Información sobre as ferramentas máis axeitadas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.1: Formar ao profesorado sobre a aplicación escollida para xestionar o caderno dixital | Coordinador PFPP | Xaneiro 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Aplicación ou ferramenta escollida - Seminario / Formación sobre a aplicación ou ferramenta escollida - Equipos para profesorado - Conexión de rede - Dispoñibilidade horaria | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.2: Creación dun repositorio con recursos e boas prácticas | Coordinador TIC | Xaneiro 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Elección dun repositorio (Aula virtual Moodle) - Equipos para profesorado - Conexión de rede - Dispoñibilidade horaria | | | |
| | | | | | | |
| | | | | | | |

| “Área/s de mellora”: Colaboración e Redes | | | | | | | |
|--|---|-------------------|--|-----------------------|-----------|-------------|--|
| 2. OBXECTIVO: | Recuperar equipos informáticos e implementar un sistema de préstamos para que o alumno que o precise poida realizar tarefas en rede | | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Departamento de Informática | | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Facilitarlle ao alumnado que o requira un equipo reacondicionado. | | | | | | |
| Valor de partida | 0 10% do alumnado que o solicita ten equipo reacondicionado | | | | | | |
| Valor previsto e data | 0 50% do alumnado que o solicita ten equipo reacondicionado | | | | Xuño 2023 | | |
| ACCIÓN A DESENVOLVER | | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | | ESTADO | |
| A01.1: Facer unha campaña de recollida de equipos informáticos entre o a comunidade educativa e as entidades locais. | Coordinador TIC | Xaneiro 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Teléfono, base de datos de entidades locais, inventario, anuncios na web do centro e publicidade no centro escolar. - Equipos para profesorado - Conexión de rede - Disponibilidade horaria | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A01.2: Reacondicionar equipos informáticos | Profesorado e alumnado dos CF de Informático | Xuño 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Equipos informáticos - Ferramentas - Taller de Informática | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |
| A01.3: Incorporar nas actividades docentes da FP de Informática labores de reacondicionamento de equipo | Profesorado e alumnado dos CF de Informático | Xuño 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Aula virtual - Tutoriais - Material docente - Ferramentas - Dispositivos tecnolóxicos - Taller de Informática | | Realizada | | |
| | | | | | Aprazada | | |
| | | | | | Pendente | | |

| “Área/s de mellora”: Desenvolvemento profesional continuo | | | | | | |
|---|---|-------------------|---|-----------------------|-------------|--|
| 3. OBXECTIVO: | Incrementar o manexo da aula virtual por parte do profesorado na aula | | | | Acadado | |
| RESPONSABLE: | Equipo directivo | | | | Non acadado | |
| INDICADOR/ES DO OBXECTIVO | Porcentaxe de materias nas que o profesorado utiliza a aula virtual na súa práctica docente | | | | | |
| Valor de partida | 30% das materias usan a aula virtual | | | | | |
| Valor previsto e data | 70% das materias usan a aula virtual | | | Xuño 2023 | | |
| ACCIÓNS A DESENVOLVER | | | | | | |
| DESCRICIÓN | RESPONSABLES | DATA PREVISTA FIN | RECURSOS NECESARIOS | SEGUIMIENTO DA ACCIÓN | | |
| | | | | VALORACIÓN DA ACCIÓN | ESTADO | |
| A01.1: Formar sobre utilidades avanzadas na aula virtual | Coordinador PFPP | Febreiro 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Formador / Asesor - Aula virtual - Aulas de informática | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.2:Deseñar novos cursos na aula virtual | Profesorado | Marzo 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Aula virtual - Equipos informáticos - Aulas de informática - Tutoriais e materiais | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |
| A01.3: Seleccionar boas prácticas | Coordinador do Plan Dixital | Xuño 2023 | <ul style="list-style-type: none"> - Cursos de Moodle - Repositorio de prácticas | | Realizada | |
| | | | | | Aprazada | |
| | | | | | Pendente | |

4. Avaliación do plan

O procedemento para o seguimento do desenvolvemento do Plan Dixital e da consecución dos obxectivos no próximo curso consistirá nunha avaliación procesual trimestral na cal se actualizarán os valores dos indicadores para observar a súa evolución. Tamén se analizarán as accións e actividades que se realizaron durante o periodo avaliado para determinar a súa eficacia e, de ser o caso, as posibles modificacións das mesmas e as propostas de mellora.

Ó remate do curso realizarase unha **avaliación final** valorando o cumprimento dos obxectivos e consecuentemente das diferentes accións, novos obxectivos a acadar e **propostas de mellora** para afondar na mellora da competencia dixital dos membros da comunidade educativa.

5. Difusión do plan

A difusión do Plan Dixital consistirá na súa publicación na páxina web do centro e actualizacións periódicas coas novidades e os avances das actividades relacionadas co mesmo que sexan máis relevantes.